

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

CURSO 2013 - 2014

**CEIP de Lourido
Camiño da Fernanda 36
36163 Poio**

- **XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.**

- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.

- **NOSO CENTRO.**

- CARACTERÍSTICAS

- RECURSOS EXISTENTES E COLABORACIONES

- **OBXECTIVOS**

- A LONGO PLAZO

- A CURTO PLAZO

- **DESENVOLVEMENTO**

- **METODOLOXÍA**

- **ACTIVIDADES E CONTIDOS**

- **MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO**

- **PLAN DE AVALIACIÓN**

- **PERSOAS E INSTITUCIÓN COLABORADORAS**

- **ANEXO**

Cadro resumo de actividades

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

O proxecto pretende ser a continuación do proxecto de Normalización Lingüística levado a cabo os anteriores anos, constatando o pouco emprego do noso idioma entre o alumnado. Queremos darlle un impulso ó coñecemento e emprego do mesmo, para que conte en igualdade de condicións, que a outra lingua oficial, o castelán. Deste modo, tentar que valoren, usen e queiran o galego como idioma e cultura.

Para elo, empregaremos o galego de xeito normalizado nas situacións xerais de aprendizaxe, non só como finalidade senón como medio polo cal adquirimos coñecementos e capacidades.

Partimos da análise da situación do galego, levada a cabo no terceiro trimestre do curso 2011-2012, así coma das preguntas efectuadas sobre o uso do galego o alumnado de novo ingreso.

SITUACIÓN SOCIOLÍNGÜÍSTICA

Segundo os resultados desta enquisa sociolingüística se amosan os seguintes datos:

Lingua que empregas ou empregan:

	Sempre en galego	Ás veces en galego/ás veces en castelán	Sempre en castelán
1. Teu pai con túa nai	22	44	26
2. Túa nai co teu pai	9	52	31
3. Teu pai contigo	13	31	35
4. Ti co teu pai	0	35	57
5. Túa nai contigo	5	35	52
6. Ti coa túa nai	0	26	65
7. Ti cos teus irmáns	0	22	57
8. Teu pai cos teus avós	31	39	22
9. Túa nai cos teus avós	18	48	26
10. Teus avós co teu pai	38	39	17

11. Teus avós coa túa nai	31	35	26
12. Ti cos teus avós	0	39	52
13. Teus avós contigo	22	44	26
14. Teu pai cos veciños	22	44	26
15. Túa nai cos veciños	9	44	39
16. Teus pais por teléfono	0	61	31

Actitudes:

	Si	Non
1. Paréceme ben que tódolos nenos de Galicia estuden o galego	78	5
2. É desagradable aprender o galego	13	83
3. É inútil aprender o galego	5	91
4. Teremos que esforzarnos todos para que o galego sexa útil	78	13
5. É mais importante para min aprender o inglés ou francés que o galego	70	31
6. Vivo en Galicia e por iso teño que coñecer, estudar e falar en galego	61	35
7. O galego soamente deben estuda-los os galegos	18	78
8. O galego é unha lingua que soa moi mal	0	96
9. Gústame (ou gustárame) falar o galego	78	13
10. Gústame falar o galego	87	5
11. Os que falan galego son mais simpáticos cos que falan castelán	9	91
12. O galego non serve ben para tratar tódolos temas	35	65
13. Cando non falo galego síntome menos galego	0	100
14. As clases de matemáticas poderían ser en galego en vez de castelán	61	65
15. O galego é cousa de vellos	5	96
16. Para ser galego hai que falar galego	70	96
17. Debería haber bastantes máis libros de texto en galego	52	39
18. O galego serve para a vida moderna igual que o castelán	87	9
19. O galego debe converterse na lingua habitual de Galicia	39	48
21. O castelán é unha lingua bonita	83	5
22. Tódolos galegos deben saber fala-lo galego	65	18
23. O castelán terían que estudalo os que falan castelán	5	83

24. Gústame falar o castelán	87	5
25. En Galicia teríanse que estudar outros idiomas antes que o castelán	9	78
26. O galego é máis importante que o castelán	19	74
27. O castelán é unha lingua fácil de aprender	70	18
28. É aburrido aprender o castelán	0	83
30. Os galegos terían que falar menos en castelán	18	65
31. Os nomes das rúas están mellor en castelán que en galego	2	70
32. As clases deberían seguir dándose en castelán	57	31

Polo tanto:

Con estes datos podemos extraer as seguintes conclusións:

Datos actuais	Comparativa con enquisas anteriores
No Concello de Poio entre os maiores, a lingua vehicular habitual é o galego; esta lingua vai baixando en porcentaxe de fala co descenso na idade, chegando a porcentaxes pequenas nas primeiras idades.	Comparando o resultado con enquisas anteriores compróbase que esta tendencia aumenta.
Son maioría os que lles falan en castelán aos fillos, ou para contestar ó teléfono	Esta tendencia tamén aumenta, podendo ser debida á influencia dos novos modos de comunicarse (wahsup, mensaxes de teléfono, twiter, twenti, facebook ...).
Na maioría dos pais e nais, a lingua galega evítase unha vez que se sae da casa, se deixa de estar cos veciños máis próximos ou cando se achega ao colexio.	Aumenta a porcentaxe en relación a consultas anteriores.
Non podemos obviar tamén, a influencia da proximidade á cidade de Pontevedra, na que moitos membros da comunidade escolar traballan ou fan as súas xestións diarias.	

DATOS APROXIMADOS DO USO DA LINGUA:

* PROFESORADO (curso 2013 – 2014):

TODO EN GALEGO (COMO LINGUA VEHICULAR)	6 de 18	33 %
CONTESTA EN GALEGO SE LLE FALAN EN GALEGO	18 de 18	100 %

* ALUMNADO QUE FALA GALEGO

NA ESCOLA ENTRE ELES	4-5 %
----------------------	-------

NA CASA	25 a 30 %
---------	-----------

Tendo en conta os resultados sobre a situación real da lingua galega, **constatamos que a labor do colexio no fomento da utilización do galego como lingua vehicular é fundamental para contribuír a que a tendencia actual cambie.** (Este ano esta prevista a realización dunha nova enquisa para constatar a evolución nestes dous últimos cursos).

TEMPO QUE SE IMPARTE GALEGO NA ESCOLA:

Educación Infantil	Aplicarase o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia . Segundo o artigo 5, puntos 1 e 2 do citado decreto: 1. Na etapa de educación infantil o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo. 2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla. O resultado da pregunta sobre a lingua materna amosou un 95 % para o castelán e un 5 % para o galego. En base a estes datos se tomaron as decisións seguintes no seno do equipo docente de ciclo: • Solicitar os materiais didácticos do curso en galego en todos os niveis de infantil para compensar esta tendencia. • Facer un maior número de actividades motivadoras e afectivas como poemas, cantigas, trabalinguas, adiviñas,... • Impartir aproximadamente os seguintes tempos de docencia en galego: 3 anos: 60 minutos diarios 4 anos: 50% do tempo efectivo de docencia 5 anos: 50 % do tempo efectivo de docencia
	Aplicarase o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia . As materias que se imparten en galego son:

Educación Primaria	Galego	Coñecemento do Medio	Educación Artística	Educación para a cidadanía
	Educación Física (agás no terceiro ciclo, no que se imparten dúas seccións bilingües en inglés e en momentos puntuais nos outros ciclos)			

O noso centro

O CEIP de Lourido atópase na **localidade de Poio** (Pontevedra) no monte de Lourido, moi próximo a capital da provincia. Dispón de todos os servizos dunha pequena vila, que ademais se verán incrementados polo aumento considerable da poboación debido ao alto nivel de construción nova que se está a facer.

A poboación en gran medida, adírase ao mar; pesca de baixura, marisqueo e derivados desta industria (fábricas de conserva...) e tamén ao campo. Nos últimos anos, pola proximidade a Pontevedra e o custo máis barato da vivenda, vai aumentando a poboación que traballa na capital.

Debido a estas variacións, o nivel socioeconómico está pasando de medio/baixo a medio, en termos xerais, aínda que a crise está a modificar esta situación.

O concello de Poio é una luxosa antesala da ruta máis turística das Rías Baixas que une a capital, Pontevedra, coas terras do Salnés e zonas de Sanxenxo, Portonovo, O Grove e a Illa da Toxa.

Un incomparable Combarro declarado Conxunto de Interese Artístico e Pintoresco, o Mosteiro de San Xoán cunha Biblioteca de máis de 80.000 exemplares, petróglifos na Caeira (parque arqueolóxico aberto ao público), Campelo, Pereiro.

O centro está moi preto da cidade de Pontevedra, nunha preciosa e tranquila zona de montes e casas baixas con hortas. Aínda que os arredores do colexio son rurais dispón dos servizos básicos. Polo tanto o centro atópase nunha privilexiada zona de recursos naturais, paisaxísticos, culturais, comunicativos e servizos sociais, dos cales se fai uso.

O colexio ten 34 anos. Durante o curso 2007/08 fixéronse obras de ampliación dado o progresivo aumento da matrícula. De 185 no curso 2009/10 a 201 alumnos/as no curso 2010/11 e 216 alumnos/a no curso actual.

Este aumento de matrícula é debido tanto pola proximidade a Pontevedra, coma polos servizos dos que dispón o centro e a oferta de actividades que se levan a cabo:

- Plan madruga e comedor, co fin de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.
- Actividades extraescolares en horario de tarde:

RECURSOS EXISTENTES E COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓNS

O centro dispón dos seguintes **espazos**:

- **Planta baixa**: 3 aulas de infantil, biblioteca, sala de informática, aula de audición e linguaxe, comedor- salón de actos, dirección, secretaria, sala de mestres, aseos de alumnos/as e mestres/as e almacéns.
- **Planta 1ª**: 6 aulas de primaria (unha por cada nivel), aula de audiovisuais, departamento de orientación, aula de apoio, aula de idiomas, aseos de alumnos/as e mestres/as.

(tódalas aulas do centro contan con encerados dixitais e conexión a internet, o cal é un bo recurso para facer múltiples actividades de potenciación da lingua galega)

Contamos con distintos patios arredor do centro e un pavillón polideportivo de propiedade municipal, pero de uso exclusivo do colexio durante a xornada escolar.

O centro conta con 18 **mestres**, 15 deles con destino definitivo.

A estrutura organizativa conta con distintos **departamentos**;

- **Departamento de Orientación** leva a cabo a atención a alumnos/as de n.e.a.e. e orientación a mestres, alumnos/as e familias e relación con axentes externos ao centro. Cos alumnos/as de n.e.a.e. realízanse as mesmas actividades que cos demais alumno/as. Tendo en conta os principios de integración e inclusión. Para os país de alumnos/as estranxeiros, que o soliciten téñense copias en castelán das informacións do centro, mais non se soen pedir esas informacións en castelán.
- **Departamento de Dinamización e Normalización Lingüística** dende o cal se artillan actividades e se ofrecen recursos para estender o uso do idioma galego no centro e comunidade escolar.

- **Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias** dende o cal se seleccionan actividades ofertadas polo concello, asociacións culturais, museos, granxas.....que encaixen cós contidos curriculares e as competencias básicas.
- **Dinamización de biblioteca** cunha biblioteca informatizada, que potencia actividades que encamiñen aos rapaces ao gusto pola lectura e que adquiran autonomía, curiosidade e interese por aprender. Neste curso a biblioteca forma parte do PLAMBE 8, o que supón modificacións e melloras importantes na mesma.
- **Dinamización de TICs** o colexio conta con páxina web e blogs para cada un dos ciclos de infantil, primaria, biblioteca e inglés. Ademais promove formación para os mestres con grupos de traballo sobre o uso e aplicación das novas tecnoloxías nas aulas e a construción de materiais TIC en galego con temática variada: Entroido, Samaín, animais, alimentación equilibrada, etc...

O centro participou estes anos nos seguintes **programas e proxectos**;

- **Plan de calidade** co recoñecemento do seu sistema de xestión da calidade da empresa AENOR segundo a norma UNE EN ISO 9001-2008.
- **Rede Galicons.net** promovida polo Instituto Galego de Consumo e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Na cal o colexio participa cun proxecto titulado **“INTEGRAR E INNOVAR EN CONSUMO SOSTIBLE. DESDE A ESCOLA PARA TODA A COMUNIDADE”**.
- **Axenda escolar 21** proxecto promovida pola Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas, que pretende o compromiso por una educación para a sostibilidade.
- **Programa de colaboración con centros** doutras comunidades autónomas, que estamos a levar a cabo con colexios de **Asturias, Comunidade Valenciana e Comunidade de Castela A Mancha**.
- **Asociación Multilateral Comenius** cos colexios: EBI de Apulia (Portugal) e Zakladna Skola (Eslovaquia) para levar adiante un proxecto baseado na sostibilidade e no intercambio cultural e de tradicións propias de cada zona. Esta asociación rematou hai dous cursos, pero preténdese manter o contacto cos centros de cara a solicitar un novo proxecto con máis socios.

Todos eles terán continuidade durante o presente curso, a través dos diferentes programas do **Plan Proxecta e dos novos Programas Europeos**. Dende os distintos equipos de traballo e proxectos se potencia o uso do idioma galego como lingua vehicular.

Recursos externos:

- **ANPA:** dende esta asociación se levan a cabo distintas actividades e colaboracións para o fomento da lingua galega, coma conta contos e outras.
- **Concello:** o colexio participa en actividades ofertadas polo concello e fai uso dos servizos dos que se dispón, como servizos sociais. A través do programa "**Coñece o teu concello**" se intenta dar unha visión xeral do mesmo en todas as súas vertentes.
- **Outros centros:** o centro colabora con colexios da zona en **actividades de teatro, baile rexional, concursos, exposicións** e con colexios doutras comunidades autónomas e países.
- **Outras actividades:** O centro leva a cabo actividades ofertadas pola Obra Social de Novacaixagalicia, asociacións, empresas, museos, medios de comunicación (no programa Acompáñenos da TVG do día 2/06/2009 pódese ver una reportaxe sobre a actividade de almorzo saudable realizada no centro coa colaboración da empresa Pescamar. Este é o enlace. Ver a partires do minuto 41 no vídeo do día 2 de xuño de 2009)

<http://www.crtvg.es/TVG/acarta.asp?prog=178>

OBXECTIVOS XERAIS

A LONGO PRAZO

- **Utilizar** preferentemente o galego como lingua vehicular da comunidade educativa.
- **Dominar** as ferramentas informáticas como necesidade de traballo actual e de futuro.
- **Crear** os suficientes recursos informáticos (CD, DV, arquivos, xogos, eta.) para que a cultura da zona sexa de fácil acceso para todos os usuarios que o soliciten.

A CURTO OU MEDIO PRAZO

- **Concienciar** toda a comunidade educativa da necesidade de falar a nosa lingua para que siga sendo unha lingua viva.
- **Facer fincapé** na importancia e na obriga da oralidade entre os alumnados nas clases onde as materias están programadas en galego.
- **Darlle** a mesma **importancia** á lingua galega e ao castelán, en todo caso, facer esforzos especiais para acadar os obxectivos do Plan xeral de normalización.
- **Ampliar** o campo do uso da lingua galega no currículo escolar e na vida cotiá do colexio e da comunidade.
- Colgar todos os recursos na **páxina web** do colexio.
- **Informar** os pais dos obxectivos do Plan xeral de normalización e do proxecto de innovación e da necesidade da súa implicación para acadar ditos obxectivos.
- **Motivar** os rapaces, valorando primeiro a expresión oral en todos os contextos posibles.

Os obxectivos concretados:

1.-Para o centro en xeral

- 1.1** Utilizar preferentemente o galego como lingua vehicular da comunidade educativa.
- 1.2** Concienciar a toda a comunidade educativa da necesidade de falar a nosa lingua para que siga sendo unha lingua viva.
- 1.3** Acadar resultados satisfactorios na competencia lingüística e na actitude lingüística de toda a comunidade educativa.
- 1.4** Utilizar sistematicamente o galego en todas as actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación (páxina web do centro, blogs, traballo escolar con ordenadores, práctica de vídeo conferencias con outros centros...).
- 1.5** Aproveitar todas as posibilidades que se nos presenten na relación coa sociedade do contorno: excursións, visitas, saídas, charlas, relacións cos medios de comunicación, etc., coma unha oportunidade para o emprego da lingua e para que se comprobe a súa validez plena para as actividades da vida diaria.

2.-Para o profesorado:

2.1 Dominar as ferramentas informáticas como necesidade de traballo actual e de futuro.

Utilización sistemática do galego en todas as actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación (páxina web do centro, traballo escolar con ordenadores, práctica de vídeo conferencias con outros centros...).

2.2 Darlle a mesma importancia á lingua galega e ao castelán, en todo caso, facer esforzos especiais para acadar os obxectivos do Plan xeral de normalización.

2.3 Facer fincapé na importancia e na obriga da oralidade entre os alumnado nas clases onde as materias están programadas en galego.

2.4 Ampliar o campo do uso da lingua galega no currículo escolar e na vida cotiá do colexio e da comunidade.

2.5 Que o profesorado adquira unha competencia comunicativa suficiente para poder desenvolver tamén en galego a súa actividade docente.

3.-Para o alumnado:

3.1 Dominar as ferramentas informáticas como necesidade de traballo actual e de futuro.

Utilización sistemática do galego en todas as actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación (páxina web do centro, traballo escolar con ordenadores, práctica de vídeo conferencias con outros centros...).

3.2 Darlle a mesma importancia á lingua galega e ao castelán, en todo caso, facer esforzos especiais para acadar os obxectivos do Plan xeral de normalización.

3.3 Facer fincapé na importancia e na obriga da oralidade entre o alumnado nas clases onde as materias están programadas en galego.

3.4 Ampliar o campo do uso da lingua galega no currículo escolar e na vida cotiá do colexio e da comunidade.

3.5 Adquirir unha boa competencia en galego para o alumnado que ten o castelán como lingua habitual, de tal maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.

4.-Para mellorar a situación lingüística do centro:

4.1 Concienciar toda a comunidade educativa da necesidade de falar a nosa lingua para **que siga sendo unha lingua viva**.

4.2 Darlle a mesma importancia á lingua galega e ao castelán, en todo caso, facer esforzos especiais para acadar os obxectivos do Plan xeral de normalización.

4.3 Adquirir unha boa competencia en galego para o alumnado que ten o castelán como lingua habitual, de tal maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela coma unha oportunidade para o emprego da lingua e para que se comprobe a súa validez plena para as actividades da vida diaria.

4.4 Aproveitar todas as posibilidades que se nos presenten na relación coa sociedade do contorno: excursións, visitas, saídas, charlas, relacións cos medios de comunicación, eta.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

PROPOSTA METODOLÓXICA

Temos que ter en conta que para que o alumnado fale en galego ten que estar **inmerso nun ambiente de comunicación en galego**, para o cal non é suficiente que se programen actividades concretas de aprendizaxe e uso do idioma, senón que dende as actividades e aprendizaxes xerais debemos de potenciar o **uso normalizado da nosa lingua**; dándolle prioridade nas aprendizaxes e **uso das TICs, biblioteca, actividades xerais de centro, conmemoracións,...**

É moi importante a **coordinación entre os distintos equipos de traballo**. Dende o equipo de normalización e dinamización lingüística se darán orientacións para artellar e levar a cabo as distintas actividades promovidas polos demais equipos que teñan que ver cos obxectivos propostos. Esta coordinación farase mais intensa co equipo de Biblioteca. Para elo, temos organizados **horarios de coordinación**. O terceiro martes de cada mes lévase a cabo a reunión do Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística, dende o cal se recolle e ofrece información de/para os outros equipos, dinamizacións e comisións. Isto é fundamental para unha optimización do traballo.

Ademais das actividades preparadas, aproveitaremos as que xurdan durante o curso que consideremos que poden ser interesantes e que cadren cos obxectivos que nos propoñemos.



ACTIVIDADES E CONTIDOS

Descrición detallada das actividades de Dinamización Lingüística para cada un dos obxectivos propostos.

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos
Prensa escolar	Dende o ano 1994 o colexio elabora unha revista escolar, integramente en galego, chamada “A GAMELA”. Nos dous cursos anterior no se puido facer por falta de presuposto. O ano pasado iniciamos unha REVISTA DIXITALIZADA, deste modo pódense recoller as actividades levadas a cabo no Centro comprendendo o inicio de curso, o Samaín, o Magosto, as actividades da Biblioteca, as saídas complementarias, Nadal, Día da Paz, o Entroido, a Semana Cultural das Letras Galegas, o traballo realizado na Rede Europea de Educación do Consumidor e a festa fin de curso. A dirección da web é: http://centros.edu.xunta.es/ceipdelourido/colexio/IMAXES/a_gamela_35/index.html (Coordinación co Plan TIC do colexio). Un exemplar da revista dos últimos sete anos atópase colgado na páxina web do colexio e pódese descargar ou visualizar cun visor de arquivos PDF. A dirección da web é: http://centros.edu.xunta.es/ceipdelourido/colexio/xornal.html A prensa escolar ten un alto grado de participación entre todos os escolares do colexio, todos os cursos realizan reportaxes para o xornal e ademais existen seccións fixas do	1.1 1.4 2.1 2.4 3.1 3.4 3.5 4.1 4.3

mesmo a cargo de determinados niveis.

Remítense copias da revista a todos os centros, tanto nacionais coma internacionais cos que colaboramos en proxectos conxuntos.



Portada e páxinas interiores da revista dixital A Gamela.

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos
Biblioteca de aula	Como complemento do Plan Lector do colexio están a funcionar pequenas bibliotecas en todas as aulas de educación infantil e primaria. Esta biblioteca de aula constitúe un lugar favorable para o estudio, a investigación, a formación e a lectura. Constrúese coma un lugar de aprendizaxe, encontro e comunicación, integrado no proceso de ensino aprendizaxe e co obxectivo de favorecer a autonomía e a responsabilidade do alumnado. Cada unha delas conta cun ordenador conectado a internet para facer todas as consultas que se consideren oportunas; así coma buscar entre os xornais máis destacados da comunidade a “noticia do día”. Cada ano auméntase o fondo bibliográfico coa finalidade de ampliar a oferta lectora do noso alumnado.   	1.2 1.3 1.4 2.1 2.4 3.1 3.4 3.5

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos
Biblioteca escolar	A partires do ano 1995 comezou a funcionar o servizo de préstamo de libros domiciliario cunha media de 70 préstamos mensuais. No primeiro trimestre do curso 2013-2014 prestáronse unha media de 383 libros e 4 documentais audiovisuais. A biblioteca ten tres equipos informáticas con conexión a internet para a utilización do alumnado. O curso pasado, co plan de mellora da biblioteca se fixeron cambios importantes nela non só a nivel de libros senón tamén de mobiliario e de funcionamento. Pretendemos que se converta nun lugar máis acolledor e atractivo para o fomento da lectura e nunha mediateca na que o alumnado poida levar para a súa casa non so libros senón outros materias como vídeos, DVDs e CDs interactivos. Este curso iniciouse, coma proxecto piloto, o préstamo de libros dixitais para o alumnado do terceiro ciclo de EP. A finais de curso farase unha análise dos resultados de cara a incrementar o número de e-books. Dende o departamento de Dinamización da biblioteca, levaranse a cabo diversas actividades, coa finalidade de crear un lugar de estudo, investigación e lectura. Actividades: - Adquisición de recursos: libros, libros dixitais, pantalla de plasma, contos, CDs, DVDs ... Ao igual que tódolos anos, pretendemos ampliar o fondo bibliográfico, en galego, da biblioteca do Centro. Levando a cabo unha renovación de títulos e ampliación de temas de lectura para os distintos niveis, para o cal se precisa dun gran	1.2 1.3 1.4 2.1 2.4 3.1 3.4 3.5

esfuerzo económico.


- **Doazóns de libros por parte de membros da comunidade escolar:** recibíronse varias doazóns de libros para a biblioteca a cargo dunha empresa local e dun pai dun alumno. Implicándose así a toda a comunidade escolar no servizo de biblioteca.
- **Proxecto conxunto de todo o colexio sobre: O mar.** Será un proxecto a nivel de centro co adaptación de diversas actividades en función dos niveis e capacidades. A partir dun elemento motivador como é unha mensaxe nunha botella, atopada por un neno de infantil, iniciase o



proxecto...

Será unha invitación para asistir a biblioteca, descifrar unha mensaxe coa axuda do código mariñeiro, liberar os contos do cofre e da cadea, lectura dos contos,... e moitas actividades mais.



	- Programación de outras actividades: entre elas este ano faranse concursos de relatos, lecturas internivelais, conta contos, Día da Biblioteca, rexistro de lecturas “Leo con Leo”, documentais educativos, trivial da biblioteca, etc.	1.1 1.2 1.3 2.1 2.3 2.4 3.3 3.4 3.5 4.1 4.3 4.4
	 Modelo de Rexistro de Primaria e Infantil A comezos de curso levouse a cabo unha actividade de inauguración do ano escolar cun conta contos: Daboapipa que foi a primeira dunha serie de actividades de animación á lectura promovidas dende a biblioteca en colaboración coa ANPA do colexio.	3.3 3.4 3.5 4.1 4.3 4.4
	- Organización da biblioteca; no mes de outubro comeza de novo na biblioteca o servizo de préstamo. No mes de decembro comeza o préstamo dos libros dixitais para o alumnado do 3º ciclo de EP. Porase un horario de mañá e de tarde para que poida ser empregada polos alumnos/as do colexio, faranse carnés, catalogación de libros,....	1.1 1.2 1.3 2.1 2.3 2.4 3.3 3.4 3.5
	 Debuxo gañador do concurso para seleccionar a mascota da	2.4 3.3 3.4 3.5 4.1


	biblioteca. O nome da <u>mascota é Leo</u> e desde a mesma biblioteca difunde o pracer pola lectura e anima ó alumnado a vir a ela.	4.3 4.4
	 	

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos
Participación na Asociación Multilateral Comenius con centros de Portugal e Eslovaquia.	A Asociación Multilateral Comenius ten por obxectivo primordial a colaboración entre centros escolares de diferentes países da comunidade europea. Entre os seus obxectivos está: • Ussing Internet to surch information and communication among the schools throught email, in all the languages of the project countries.	1.1 1.4 1.5 2.1 2.5 3.1

	• Learning about other schools, villages, countries, ..	3.3
	• Surch for traditional games by asking their parents and their grandparents as alternative to television, to the video games,..	3.4
		3.5
	• Learning about traditional games from the other countries	4.1
		4.3
	A pesar de que a lingua oficial do proxecto é o inglés, temos programadas diferentes comunicacións empregando as linguas oficiais dos países integrantes da asociación, así como o intercambio de tradicións, gastronomía e folclore autóctono.	4.4
		
	Temos solicitado ó O.A.P.E.E. (Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos) a continuidade do noso proxecto europeo, incidindo nas tradicións propias da zona de influencia de cada centro.	

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos
Participación no programa de educación para o consumo promovido polo Instituto Galego	Este é o ano número quince de vinculación á Rede Europea de Educación do Consumidor. Comeza un novo proxecto que ten por título “INTEGRAR E INNOVAR EN CONSUMO SOSTIBLE. DESDE A ESCOLA PARA TODA A COMUNIDADE” .	1.1 1.2 1.4 1.5

de Consumo e a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional	O que se pretende é introducir a dinámica da sostibilidade, reducir, reciclar e volver a utilizar os materiais de refugallo, e vincular a meirande parte do traballo do colexio con esta iniciativa, tentando así cambiar a filosofía medioambiental do centro para logo poderlo trasladar aos domicilios do alumnado e por tanto a toda a comunidade escolar. Este proxecto está integramente realizado en galego. Tanto é así que tódolos traballos realizados polo alumnado (Nadal, Entroido, magosto...) están feitos con este material. Este é o quinto curso que creamos “o punto limpo” en colaboración co Concello de Poio no que se centraliza toda a recollida de pilas, papel e plástico para logo levalos aos puntos de recollida do servizo de recollida de lixo do concello.	2.1 2.4 3.1 3.4 3.5 4.1 4.3 4.4
---	---	---

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos
Mantemento da páxina web do centro	A páxina web do colexio está realizada na súa totalidade en galego e contén tódalas actividades desenvolvidas no centro ao longo de todo un ano académico. Esta páxina se pon ao día constantemente e ademais é unha canle de comunicación coa comunidade educativa. A dirección da páxina web é: http://centros.edu.xunta.es/ceipdelourido/colexio Na última actualización da páxina engadíronse apartados para o comedor escolar, servizo de almorzos, sección bilingüe e ademais estanse a engadir apartados para a realización de actividades didácticas que o alumnado pode descargar da web. (Plan TIC do colexio). Neste curso continúaase a actualización dos blogs temáticos de educación infantil, cada un dos ciclos de primaria, biblioteca e lingua estranxeira.  Dende o Equipo de Normalización faise unha revisión da linguaxe por si atopárase algún erro.	1.1 1.2 1.3 1.4 2.1 2.4 3.1 3.4 3.5 4.1 4.3

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos
Grupo de traballo "Atención á diversidade"	O centro participa e promove a formación do profesorado no propio centro, con accións dirixidas a atender as demandas que o claustro comunica á dirección ó inicio de cada curso a través do documento codificado como MD620101 do seu sistema de xestión da calidade, certificado por AENOR, e que forma parte do proceso PR6201 Formación (redactado na súa totalidade en galego) A alta matrícula do centro fai que a diversidade de alumnado que recibimos necesite atención específica para as dificultades que poidan ter, así como coñecer mecanismos de actuación e protocolos de atención que sexan áxiles e útiles. De aí que necesitemos estar constantemente alerta para detectar problemas e aportar solucións.	1.1 2.2 2.4 3.4 4.2 4.4

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos
Actividades da Aula de Teatro	O centro conta cun aula de teatro estable desde hai doce anos. Ao longo de todo este tempo se fixeron representacións de diversas obras galegas ou traducidas ao galego polo equipo de normalización lingüística. A aula de teatro cumpre dúas funcións primordiais na formación do alumnado: por unha banda aportar actuacións para os diferentes festivais que se levan a cabo no colexio como elemento cultural e normalizador da lingua e por outra banda enriquece na socialización e desinhibición dos integrantes dela. Dende o ano 2000 a aula de teatro realiza saídas para facer representacións das súas obras nos centros públicos do concello. A	1.1 1.2 1.3 1.5 2.3 2.4 2.5 3.4 3.5

	partires do ano 2005 ampliouse o programa de saídas. Estas representacións faranse ó longo do mes de maio, aproveitando a Semana Cultural das letras galegas que organizamos tódolos anos. Prepararase unha obra en galego.	4.1 4.3 4.4
		
	Representación da obra no Festival de Nadal 2013.	

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos	
Axenda Escolar 21 de Galicia(A21EG)	A axenda escolar 21 de Galicia é un proxecto que, promovido pola Consellería de Medio ambiente, pretende o compromiso por unha educación para a sostibilidade ; incorporando ás nosas accións educativas a atención á situación do mundo. A través de actividades de concienciación de toda a comunidade educativa do centro e a comunidade local (concello) se intenta cambiar determinados hábitos da sociedade de cara a realizar campañas de difusión e dun seguimento coidadoso das accións realizadas no entorno do centro educativo, dándolas a coñecer para un mellor aproveitamento colectivo. A participación neste proxecto de alumnado, profesorado, persoal non docente, ANPA, asociacións e diversos colectivos e o concello convértese nunha canle de promoción do idioma galego perfecto para os intereses do colexio. Premendo no enlace pódese ver o proxecto colgado na web do colexio:	1.1	3.4
		1.2	3.5
		1.3	4.1
		1.4	4.3
		1.5	4.4
		2.1	
		2.3	
		2.4	
		2.5	
		3.1	
		3.3	

	http://centros.edu.xunta.es/ceipdelourido/colexio/a21eg.html		
--	---	--	--

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos	
Elaboración de proxectos que incidan na promoción do galego nas distintas etapas educativas	No mes de novembro realizouse o SAMAÍN, este ano con motivos mariñeiros e actividades coma: invención de contos por parte do alumnado de primaria. O alumnado do terceiro ciclo conta os contos creados por eles ó resto do alumnado.  Lectura dos contos polo alumnado de Primaria. Curso 2013-2014.   Exposición de cabazas do curso 2013-2014. Decoración das cabazas de elementos relacionados co mar. O MAGOSTO do colexio, no que se levaron a cabo, como tódolos anos, diversas actividades de xogos populares	1.1	3.1
		1.2	3.2
		1.3	3.3
		1.4	3.2
		1.5	3.5
		2.1	4.1
		2.2	4.2
		2.3	4.3
		2.4	4.4
		2.5	
		1.1	

galegos.



O NADAL, como en cursos anteriores contou-se con actuacións de todo o alumnado do centro para o **festival**.



O decorado dos corredoiros do colexio realizouse coa colaboración das familias.




Participouse tamén no **Concurso de Tarxetas de Nadal**

1.2 3.1
1.3 3.2
1.4 3.3
1.5 3.2
2.1 3.5
2.2 4.1
2.3 4.2
2.4 4.3
2.5 4.4

	organizado polo Concello.		
--	---------------------------	--	--

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos	
Elaboración de proxectos que incidan na promoción do galego nas distintas etapas educativas	Celebración do <u>DÍA DA PAZ</u> .   	1.1	3.1
		1.2	3.3
		1.3	3.2
		1.5	3.5
		2.1	4.1
		2.2	4.2
		2.3	4.3
		2.4	4.4
	Actividade realizada o día 30 de xaneiro de 2014. De cara ó <u>ENTROIDO</u> , o tema elixido para este ano, en colaboración co equipo de biblioteca, “O mar no noso entorno”. A través desta actividade queremos fomentar o hábito lector entre o alumnado; ademais da composición dos textos para as diferentes comparsas do centro. Como colofón a este traballo farase o desfile de Entroido do CEIP de Lourido que, saíndo do colexio, percorrerá as rúas do pobo para facer partícipe á comunidade escolar	1.1	3.1
		1.2	3.2
		1.3	3.3
		1.5	3.2
		2.1	3.5
		2.2	4.1
		2.3	4.2


	desta festa. Posteriormente, no patio do colexio, lerase o testamento da mascota do Entroido .	2.4	4.3
			4.4
	Para rematar toda a comunidade escolar se xuntará nunha degustación de produtos típicos do Entroido realizados polos pais e nais, o alumnado e o profesorado do centro.		
	<u>Animación en galego:</u> Os contos animados realizados a través do Plan TIC do centro coma "A castaña Dorinda", "A Tartaruga que quería durmir", "A Auga". Farán unha viaxe polas distintas aulas do centro para a realización de diversas actividades a través deles.	1.1	3.1
		1.2	3.2
		1.3	3.3
		1.5	3.2
		2.1	3.5
		2.2	4.1
		2.3	4.2
		2.4	4.3
			4.4
			

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos	
Elaboración de proxectos que incidan na promoción do galego nas distintas etapas educativas	O <u>Día do Medio Ambiente</u> temos previsto, en colaboración coa Concellería de Medio ambiente do Concello de Poio, levar a cabo unha actividade que consistirá nunha saída a diversas zonas dos montes do concello para realizar unha plantación de árbores autóctonas. O alumnado de ed. infantil, 1º e 2º ciclo realizará esa mesma plantación nos terreos do colexio.  Sementeiro de árbores autóctonas. Neste curso, a través dos Plan Proxecta, da Consellería de Cultura, Educación e O.U., continuamos as actividades do horto escolar. 	1.1	3.1
		1.2	3.3
		1.3	3.4
		1.4	3.5
		1.5	4.1
		2.1	4.2
		2.3	4.3
		2.4	4.4

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos	
Grupo de Baile Rexional	Consolidación do grupo de baile rexional do centro. Desde hai mais de catorce anos o colexio conta cun grupo de baile rexional, coordinado por unha mestra, que actúa en todas as representacións que se realizan no centro. Dotamos dunha certa uniformidade aos membros do mesmo, mercando e facendo uns traxes rexionais de propiedade do colexio, co fin de que queden permanentemente a disposición dos novos integrantes do grupo. O grupo de baile rexional participa nas actuacións de Nadal e no de fin de curso. 	1.1 1.2 1.3 1.4 1.5 2.1 2.3 2.4	3.3 3.4 3.5 4.1 4.2 4.3 4.4

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos	
Semana das Letras Galegas e Día do libro	Durante o mes de maio realizarase a Semana Cultural das letras galegas, na que se salientará a figura do personaxe homenaxeado este ano, así como diversas actividades de estudio e coñecemento da nosa cultura. Programaranse actividades de teatro, baile rexional, poesía... Para a celebración desta data, en colaboración do equipo de biblioteca está prevista a presentación dun libro feito entre todo o colexio sobre: O Mar, este libro pretende ser a recompilación dun traballo conxunto de todos os curso do centro. A distribución	1.1	3.1
		1.2	3.3
		1.3	3.4
		1.4	3.5
		1.5	4.1
		2.1	4.2
		2.3	4.3
		2.4	4.4

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos	
Lectura da prensa en formato papel	Os alumnos do 3º ciclo, un día a semana revisarán a prensa en formato papel. Estes farán unha selección e clasificación das noticias que teñan relación co mar.  A clasificación das noticias será en tres grupos: o mar como ocio, como medio ambiente e como traballo.	1.1	3.1
		1.2	3.3
		1.3	3.4
		1.4	3.5
		1.5	4.1
		2.1	4.2
		2.2	4.3
		2.3	4.4
		2.4	
		2.5	

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos	
Traballos escritos. Formato libros	O longo do curso os alumnos do 3º ciclo van escribindo as distintas fases de elaboración do proxecto sobre o mar.   Para o segundo trimestre temos programado a elaboración dun libro onde se recolla a información buscada por ciclos a partir das preguntas nas distintas aulas, deste modo Infantil escribirá sobre os Mamíferos, 1º Ciclo sobre os Animais mariños perigos, 2º Ciclo sobre o Parque das Illas Atlánticas e 3º Ciclo sobre as Ondas, mareas e area. 	1.1	3.1
		1.2	3.3
		1.3	3.4
		1.5	3.5
		2.1	4.1
		2.2	4.2
		2.3	4.3
		2.4	4.4

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos	
Charlas de profesionais.	Charlas profesionais de oficios tradicionais en Galicia. O longo do curso visitarán o centro distintos profesionais de actividades relacionadas co mar. Está prevista a visita dun profesional da lonxa e dun redeiro (para o 1º trimestre) e dunha mariscadora (para o 2º trimestre). As charlas iran destinadas a distintos niveis e actividades. 	1.1	3.1
		1.2	3.2
		1.3	3.3
		1.4	3.2
		1.5	3.5
		2.1	4.1
		2.3	4.2
		2.4	4.3
			4.4
Exposición de profesionais do entorno	En colaboración co Concello de Poio está prevista unha exposición fotográfica sobre algunha profesión relacionadas co mar e con noso contorno costeiro.		

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos	
Participación no Concurso Xaime Isla.	O centro participa dende hai anos no concurso promovido polo ilustre cidadán Xaime Isla, actividade que fomenta o interese polo coñecemento e emprego do idioma e da cultura galega. Se fará un concurso interno de narrativa e poesía en conmemoración das Letras Galegas e como xa é tradición no centro se participará no concurso Xaime Isla de poesía e narrativa, organizado pola Asociación Cultural de Raxó en colaboración co Concello de Poio.	1.1	3.1
		1.2	3.3
		1.3	3.4
		1.5	3.5
		2.1	4.1
		2.2	4.2

		2.3	4.3
		2.4	4.4

Actividade	Descrición dos contidos	Obxectivos propostos
Extensión do uso do idioma entre a comunidade	De acordo coa normativa vixente sobre a normalización e dinamización lingüística todos os documentos do centro, oficiais e informativos, son redactados en galego, agás aqueles que por petición do interesado se realicen e entreguen na outra lingua oficial de Galicia. Con esta medida tratamos de fomentar o uso do noso idioma como canle habitual de comunicación entre o centro e o resto da comunidade educativa. Os distintos equipos do centro contan con documentación en galego. Así mesmo, a Axenda Escolar do alumnado, está integralmente realizada en galego. Nela o alumnado anotará cada día as tarefas encomendadas para a casa, así como os traballos pendentes e os controis a realizar. Tamén ten varias páxinas destinadas o control das saídas e ás actividades complementarias, entrevistas dos pais e nais con titores, consellos para o estudio, notas informativas, ... Axúntase un exemplar das axendas de educación infantil e educación primaria na copia informática da solicitude: <u>Axenda Escolar de Ed. Infantil, Axenda Escolar de 1º ciclo, Axenda Escolar de 2º e 3º ciclo.</u> Tamén os Mestres contamos co Caderno do Mestre en	1.1 1.2 1.3 1.4 1.5 2.1 2.2 2.3 2.4 2.5 3.1 3.2 3.3 3.4 3.5 4.1 4.2 4.3

	galego, documento no que os Mestres levamos a cabo a recollida do traballo realizado. O centro conta coa certificación de AENOR para o seu sistema de xestión da calidade baseada na norma UNE-EN ISO 9001-2008 e tódolos documentos, rexistros, formularios... que ten o centro están en galego.	4.4
--	--	-----

MEDIDAS A TOMAR PARA DIFUNDIR O PROXECTO

Para dar a coñecer o proxecto empregaremos a nosa **páxina web e os blogs** creados, tamén realizaremos carteis, folletos informativos, etc.

PLAN DE AVALIACIÓN

Realización dunha enquisa sociolingüística cada dous cursos. No terceiro trimestre deste curso temos previsto unha nova enquisa que sirva de referente para o proxecto do vindeiro ano escolar. Para a realización deste proxecto tivemos en conta a valoración da última enquisa correspondente o terceiro trimestre do curso 2011/12. Así mesmo **imos valorar o proxecto a medida que se vaian levando a cabo as distintas actividades**, vendo o grado de implicación e participación de mestres, alumnos, país, elementos externos. Isto nos servirá **para poder ir tomando as medidas precisas de mellora** que nos aseguren acadar os obxectivos propostos.

PERSOAS E INSTITUCIÓNS COLABORADORAS

Todo o profesorado do centro (18 profesoras e profesores), **todo o alumnado** do centro (213 alumnas e alumnos), a **Asociación de Pais e Nais** do Alumnado (“A Gamela”), **toda a comunidade escolar** e o **Concello de Poio** a través das Concellerías de Cultura e Educación. O centro colabora cos colexios e o IES da zona en actividades de teatro, concursos, exposicións... e tamén con colexios de outras comunidades autónomas e países a través do **Programa de colaboración con centros** doutras

comunidades autónomas; estes colexios son: o **CRA Alto Nalón de Asturias**, o **CRA Oleana, da Comunidade Valenciana** e o **CRA Miguel Delibes, da Comunidade de Castela A Mancha**.

Solicitaremos a continuidade da **Asociación Multilateral Comenius** cos colexios seguintes: **Zakladna Skola (Eslovaquia)** e **EBI de Apulia (Portugal)**, ós que se sumarán **centros de Letonia, Grecia e Reino Unido**, a través do **Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos**.

Formamos parte da **Rede Europea de Educación para o Consumo (Galicons.net)**, promovida polo **Instituto Galego de Consumo** e a **Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional**.

Participamos tamén na actividade de **Axenda Escolar 21 de Galicia (A21EG)**, un proxecto promovido pola **Consellería de infraestructuras, Territorio e Medioambiente** e a **Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional**.

Lourido a 4 de febreiro de 2014

Vº e Prace O Director

A Coordinadora do ENDL

Asdo. Manuel Fontán Teso

Asdo. Isabel A. Vaquero Sánchez